

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMIENTO ABERTO DO CONTRATO MIXTO SUBMINISTRO E OBRAS DO “PROXECTO INSTALACIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E LIÑA DE MEDIA TENSIÓN EN AMPLIACIÓN PARQUE INDUSTRIAL DE VILAR DE SANTOS”:

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e Cualificación

SUBMINISTRO-OBRA	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO
“Instalación de centro de transformación e liña de media tensión en ampliación do Parque Industrial de Vilar de Santos”	1 mes (Data límite 12/11/2012)	79.988,98 € (ive incluído)

O contrato definido ten a cualificación de **contrato administrativo mixto de subministración e obras**, tal e como establece os artigos 6, 9, e 12 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSF).

Tal e como establece o artigo 12 TRLCSF, cando un contrato conteña prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase atenderase en todo caso, para a determinación das normas que deban observarse na súa adxudicación, ao carácter da prestación que teña máis importancia desde o punto de vista económico.

Dado que a prestación de subministración é superior á de obras as regras de adxudicación que rexerán o presente contrato serán as propias do contrato de subministración.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

O subministro-obra contratarase mediante **procedemento aberto** (artigos 157 a 161 do TRLCSF) e en **trámite urgente** (artigo 112 do TRLCSF); xustificándose dita urxencia na necesidade de cumprir os prazos de contratación e execución (antes do 15/11/2012) sinalados pola Orde do 3 de abril do 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestructuras dos parques empresarias da Comunidade Autónoma de Galicia cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo FEDER 2007-2013; no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do TRLCSF.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa deberá de atenderse a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, de conformidade co artigo 150.1 do TRLCSF e coa cláusula décima deste Prego.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. O Perfil de Contratante

Có fin de asegura-la transparencia e o acceso público á información relativa a súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta có Perfil de Contratante ó que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web do concello de Vilar de Santos www.vilardesantos.com

CLÁUSULA CUARTA. Prezo do Contrato e Financiamento

O prezo do presente contrato, en aplicación do disposto no artigo 87 e 88 do TRLCSP, ascende á cuantía de **79.988,98 euros**, dos que 13.882,38 euros corresponden ao IVE (**valor estimado 66.106,60 € + 13.882,38 € de iva = 79.988,98 €**), conforme ó seguinte cadro.

ANO	Cons. Economía e Industria (FEDER e FCI)	Concello Vilar de Santos	Total
2012	71.990,08 €(90%)	7.998,90 €(10%)	79.988,98 €(100%)

A financiación das obras corre a cargo dos seguintes organismos:

- Consellería de Economía e Industria: mediante Resolución da Xefa do Servizo de Administración Industrial de data 09/08/2012 polo que se concede ó Concello de Vilar de Santos unha subvención por importe de 71.990,08 € correspondente o 90% do importe do investimento subvencionable (Dotación de servizos enerxéticos no P.I. Santa Marta de Vilar de Santos 79.988,98 €) para o proxecto de “Instalación de C.T. e liña de M.T. en ampliación do Parque Industrial de Vilar de Santos”, tendo como prazo tope de xustificación o 14/11/2012, ó abeiro da Orde do 3 de abril do 2012 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión das axudas encamiñadas á habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresarias da comunidade autónoma de Galicia cofinanciadas polo FEDER, no marco do programa operativo FEDER 2007-2013, ano 2012 (IN519B) (Dog nº 74 de data 18/04/2012).

As axudas están cofinanciadas nun 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e nun 30% polo Fondo de Compensación Interterritorial (FCI).

- Concello de Vilar de Santos: 7.998,90 € (10%) con cargo á partida 1.62 dos orzamentos municipais do Concello de Vilar de Santos

O prezo abonarase con cargo á partida 1.62 dos Orzamentos Municipais do Concello de Vilar de Santos.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do Contrato,

O prazo de execución é de **1 mes**, tendo en conta que en todo caso o subministro-obra deberá estar entregado/rematado como data tope o **12/11/2012**, para poder cumprir coa obriga de xustificar a subvención concedida antes do 15/11/2012. O director técnico da obra poderá fixar prazos parciais de execución no programa de traballo.

CLÁUSULA SEXTA. Condicións dos licitadores

Poderán participar na licitación as **persoas naturais ou xurídicas**, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financieira e técnica ou profesional, non se atopen incursas en ningunha das causas de prohibición para contratar co sector público do artigo 60 do TRLCSP e **dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación** que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 54.1 e 2 do TRLCSP).

O empresario deberá dispor dos permisos necesarios para a execución de redes de distribución eléctrica de Media Tensión e Centros de Transformación.

O empresario deberá cumprir cas autorizacións dispostas no “RD 223/2008, de 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09”, debendo posuir os medios técnicos indicados na ITC-LAT 03 exceptuando os equipos complementarios necesarios para as categorías de liñas aéreas ou subterráneas.

En cumprimento do citado RD 223/2008, **O empresario deberá ter a condición de instalador autorizado para liñas de alta tensión coa clasificación da categoría LAT1: para liñas aéreas ou subterráneas de alta tensión de ata 30 Kv.**

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do Contratista

Dada a contía do presente contrato e de conformidade co previsto no artigo 65.1 do TRLCSP, **non se esixe** clasificación ó non superar o valor estimado da obra o importe dos 350.000 €

CLÁUSULA OITAVA. Documentación a presentar

As proposicións para poder tomar parte na licitación presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Vilar de Santos, Rúa Celanova nº 77, 32650 Vilar de Santos (Ourense), en horario de 9 a 14:30 horas dentro do prazo dos **OITO DÍAS NATURAIS** a contar dende o día seguinte ó da última publicación do anuncio de licitación no BOP ou DOG. Se o último día fose inhábil ou sábado o prazo finalizará o primeiro hábil seguinte.

As proposicións podrán presentarse ben directamente no rexistro xeral do Concello de luns a venres, agás os días festivos, de 9 a 15:00 horas, ou ben por correo dirixido a Concello de Vilar de Santos, R/ Celanova, nº 77, 32650, Vilar de Santos (Ourense), sempre que quede acreditada a data de imposición do envío na Oficina de Correos e se anuncie ó órgano de contratación, no mesmo día, a remisión da oferta mediante fax ó nº 988465863 conforme o previsto no artigo 80.4 do RGLCAP. Sin a concurrencia destes dous requisitos non será admitida a documentación si é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado no anuncio. Nembargantes transcorridos 5 días naturais desde a terminación do prazo sin terse recibido a documentación esta non será admitida en ningún caso.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición. Tampouco poderá suscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fai individualmente ou figurara en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a **aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego** (art 145.1 TRLCSP). Revisten carácter contractual tódolos documentos do proxecto e este prego de cláusulas administrativas particulares. Nos casos de discrepancia entre ambos documentos reixerá o previsto no prego de cláusulas administrativas particulares.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

As proposicións son secretas e se presentarán **en dous sobres pechados** denominados **A e B** nos que se fará constar o seguinte contido.

SOBRE “A”: “DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRAS DO “PROXECTO INSTALACIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E LIÑA DE MEDIA TENSIÓN EN AMPLIACIÓN PARQUE INDUSTRIAL DE VILAR DE SANTOS”

No exterior do sobre figurará:

- a) SOBRE “A”: “Documentación administrativa para tomar parte na licitación do contrato mixto de subministro e obras do “proxecto instalación de centro de transformación e liña de media tensión en ampliación parque industrial de Vilar de Santos”
- b) O nome e apelidos ou razón social do licitador.
- c) Sinatura do licitador ou persoa que o represente.
- d) Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico do empresario ou representante na contratación.

En dito sobre deberán incluírse obrigatoriamente os seguintes documentos, consonte co disposto no artigo 146 do TRLCSP:

Encabezando toda a documentación do sobre A deberá incluírse unha folha independente na que se enumere correlativamente a documentación que se inclúa nel.

a.- Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

- Persoa física: Fotocopia compulsada do DNI, Pasaporte ou documento que o substitúa.
- Persoas xurídicas:
 - Escritura de Constitución ou Modificación no seu caso, cando este requisito fora esixible conforme á Lexislación Mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, Escritura ou Documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, na que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.
 - Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (C.I.F), debidamente compulsada.

b.- Documentos que acrediten a representación:

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de sociedade ou persoa xurídica, deberá achegar escritura de poder notarial para o efecto, e acreditar a súa personalidade mediante fotocopia compulsada do DNI.

Os poderes deberán bastantearse por autoridade competente previamente ou pola Secretaría do Concello.

c.- Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro:

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias (facenda estatal, autonómica e co Concello de Vilar de Santos) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, presentada con arranxo ó disposto no artigo 73 do TRLCSP, sen prexuício de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor vaiase a efectuar ésta.

d.- Documentación acreditativa de que o empresario ten a condición de instalador autorizado para liñas de alta tensión coa clasificación da categoría LAT1: para liñas aéreas ou subterráneas de alta tensión de ata 30 Kv.

e.- Os que acrediten a solvencia económica e financeira:

Para a acreditación da **solvencia económica e financeira** o empresario presentará, **simultaneamente**, a seguinte documentación:

- a) Declaración apropiada de entidades financeiras.
- b) Declaración sobre o volumen de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto do contrato, referido ós tres últimos exercicios.

f.- Os que acrediten a solvencia técnica da empresa.

Para a acreditación da **solvencia técnica** o empresario presentará, **simultaneamente**, a seguinte documentación:

a) Relación dos principais suministros efectuados durante os tres últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. Os suministros efectuados se acreditarán mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Relación das obras executadas no curso dos cinco últimos anos, avalada por certificados de boa execución para as obras mais importantes; estes certificados indicarán o importe, as datas e o lugar de execución das obras e precisarase si se realizaron segundo as regras polas que se rixe a profesión e se levaron normalmente a bo término.

c) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade, acompañada dos documentos acreditativos correspondentes.

g.- As empresas extranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdicción dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orden, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poideran surxir do contrato, con renuncia, no seu caso, ó foro

xurisdiccional estranxeiro que poidera corresponder ó licitador.

h.- A documentación acreditativa da constitución da garantía provisional por importe de 1.500,00 €

i.- Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico do empresario ou representante na contratación con este Concello.

Tódolos documentos serán orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas.

Os licitadores deberán presentar íntegra toda a documentación nestas licitacións, non producindo efectos a que poida existir nos arquivos do Concello, sen prexuízo de que os interesados poidan retirala e facerse cargo da mesma, se non foron adxudicatarios.

Advírtese que toda a documentación é básica e polo tanto non se admiten subsanacións posteriores, debéndose axustar estrictamente ó sinalado neste prego de condicións.

SOBRE “B”: “PROPOSICIÓN ECONÓMICA PARA TOMAR PARTE NA LICITACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE SUBMINISTRO E OBRAS DO “PROXECTO INSTALACIÓN DE CENTRO DE TRANSFORMACIÓN E LIÑA DE MEDIA TENSIÓN EN AMPLIACIÓN PARQUE INDUSTRIAL DE VILAR DE SANTOS”

No exterior do sobre figurará:

a) SOBRE “B”: “Proposición económica para tomar parte na licitación do contrato mixto de subministro e obras do “proxecto instalación de centro de transformación e liña de media tensión en ampliación parque industrial de Vilar de Santos”

b) O nome e apelidos ou razón social do licitador.

c) Sinatura do licitador ou persoa que o represente.

d) Enderezo, teléfono, fax e correo electrónico do empresario ou representante na contratación.

Este sobre conterá:

PROPOSICIÓN ECONÓMICA formulada estrictamente conforme ó seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º ____, con DNI n.º _____, en representación da Entidade _____, con CIF n.º _____, enterado do expediente para a contratación do contrato mixto de subministro e obras do “proxecto instalación de centro de transformación e liña de media tensión en ampliación parque industrial de Vilar de Santos” polo procedemento aberto, oferta economicamente máis ventaxosa, con varios criterios de adxudicación, anunciado no Boletín Oficial da Provincia n.º ____, de data _____, Diario Oficial de Galicia n.º__ de data _____ e no Perfil de Contratante do Concello de Vilar de Santos, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ó contrato e o acepto íntegramente, tomando parte na licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de _____ euros e

_____ euros correspondentes ó 21% do Impuesto sobre o Valor Engadido; (Total _____ euros, incluído o 21% de iva).

No seu caso:

Así mesmo asumo o compromiso de aumentar o prazo de garantía (respecto ó mínimo establecido na cláusula XXI: 1 ano) en _____ meses,

En _____, a ____ de _____ de 2012.

O licitador,

Asdo.: _____».

CLÁUSULA NOVENA. Garantía Provisional

Considerando as circunstancias concurrentes de urxencia e necesidade de xustificar a subvención concedida antes do 15/11/2012, de acordo co artigo 103 do TRLCSP, os licitadores deberán constituír unha garantía provisional por importe de **1.500,00 euros**, que responderá do mantemento das súas ofertas ata a adxudicación do contrato.

A garantía provisional depositarase:

— Na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou na Caixa ou establecemento público equivalente das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban surtir efecto cando se trate de garantías en efectivo.

— Ante o órgano de contratación, cando se trate de certificados de inmovilización de valores anotados, de avais ou de certificados de seguro de caución.

A garantía provisional extinguirase automaticamente e será devolta aos licitadores inmediatamente despois da adxudicación do contrato. En todo caso, a garantía será retida ao licitador cuxa proposición fose seleccionada para a adxudicación até que proceda á constitución da garantía definitiva, e incautada ás empresas que retiren inxustificadamente a súa proposición antes da adxudicación.

O adxudicatario poderá aplicar o importe da garantía provisional á definitiva ou proceder a unha nova constitución desta última, nese caso a garantía provisional cancelarse simultaneamente á constitución da definitiva.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adxudicación

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación (que deberán ser especificados no sobre B: Proposición Económica) que se puntuarán en **orde decrecente**:

1.- Prezo: Ata 20 puntos

Se outorgará a máxima puntuación ó licitador que oferte o prezo mais baixo (por debaixo do orzamento base de licitación). As demais ofertas valoráranse aplicando unha regra de proporcionalidade directa de acordo ó importe da baixa.

2.- Prazo de garantía superior: Ata 5 puntos

Se valorará o ofrecemento dun prazo de garantía superior ó establecido na Cláusula XXI do presente Prego (1 ano).

Se outorgará a máxima puntuación o licitador que oferte o prazo mais amplo. As demais ofertas valoráranse aplicando unha regra de proporcionalidade directa de acordo ó incremento de prazo de garantía ofrecido.

O prazo de garantía dun ano terá puntuación 0.

En caso de empate a puntos se resolverá a favor do mellor prezo.

CLÁUSULA UNDECÍMIMA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, en relación co artigo 21.2 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma e actuará como Secretario un funcionario da Corporación. Formarán parte dela, polo menos catro vogais, entre os cales estará o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma.

Conforman a **Mesa de Contratación** os seguintes membros:

- Presidente: D. Xoán Xosé Jardón Pedras, Alcalde do Concello ou persoa en quen delegue.
- Vocais: D. Antonio Miguez Nogueiras (1º Tenente de Alcalde) ou outro Concelleiro designado polo Sr. Alcalde
D. Aldo William Fernández Jardón (2º Tenente de Alcalde) ou outro Concelleiro designado polo Sr. Alcalde
D. Mario L. Rodríguez Fernández, secretario-interventor da Corporación, ou persoa que o substitúa.
D. Esteban Campos Montero, enxeñeiro técnico industrial.
- Secretaria: Dna. Begoña Oliveira Cid, auxiliar-administrativa da Corporación.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación, de conformidade co artigo 210 do TRLCSP, ostenta as seguintes **prerrogativas**:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezan o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

En todo caso darase audiencia ao contratista, debendo seguirse os trámites previstos no art. 211 do TRLCSP.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Apertura de Proposicións e clasificación das ofertas:

O acto licitatorio desenvolverase, de conformidade co disposto nos artigos 81 a 84 do RGLCAP, nos termos seguintes:

O tercer día seguinte hábil (agás sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre A, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que subsanar, a apertura do sobre B, efectuarase no mesmo día, ás **12,00 horas, no salón de plenos** do Concello de Vilar de Santos.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarllelo verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a dous días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación.

A Mesa evaluará as proposicións segundo os criterios de valoración que se recollen na cláusula 10 e formulará a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación.

No suposto de que se concedese o prazo de subsanación ó que se refire o parágrafo terceiro desta cláusula suspenderase o acto ata o cumprimento do mesmo volvéndose a anunciar o lugar, día e hora de apertura dos sobres B.

No suposto de presentación de proposicións por correo conforme ós requisitos da cláusula 8, nos que, no día de apertura de plicas, non se teña recibido a documentación, o día de apertura se demorará ata a recepción da documentación cun tope máximo de 5 días naturais desde a terminación do prazo presentación de ofertas.

A mesa de contratación, previa solicitude e análise, no seu caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentará as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación.

Vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orden decrecente, en atención ós criterios de adxudicación.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Requisito de Documentación

O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de **cinco días hábiles**, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente a seguinte documentación (151.2 TRLCSP):

1.- Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións coa Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 14 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

2.- Certificación administrativa acreditativa de que o licitador se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias coa facenda estatal, autonómica e local (Concello de Vilar de Santos).

3.- Xustificante de constitución da garantía definitiva que sexa procedente.

De non se completar adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e procederase nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as

ofertas.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Garantía Definitiva

O licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa deberá acreditar a constitución da garantía dun **5% do importe de adxudicación**, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas (art 96 TRLCSP):

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada até que se producise o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá dos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Adxudicación do contrato

Recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos **tres días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

Non obstante o anterior e antes da adxudicación, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 155 do TRLCSP.

A adxudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarse no perfil de contratante (www.vilardesantos.com)

A notificación farase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico ao enderezo que os licitadores ou candidatos designasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de Acceso Electrónico dos

cidadáns aos Servizos Públicos. Con todo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días..

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Formalización do Contrato e Inicio Execución

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos **quinze días hábiles** seguintes a contar desde a data da notificación da adxudicación; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

A formalización se publicará no perfil do órgano de contratación indicando, como mínimo, os mesmos datos que no anuncio de adxudicación.

Cando por causas imputables ao contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que no seu caso fose constituída.

A comprobación do replanteo e o inicio da execución das obras efectuarase no prazo máximo de 15 días contados desde a formalización do contrato, estendéndose a acta correspondente (artigo 229 do TRLCSP e 139 e seguintes do RGLCAP)

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Dereitos e Obrigacións do Adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación dese ao contratista o órgano de contratación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais das obrigas xerais derivadas do réximen xurídico do presente contrato, son **obrigas específicas** do contratista as seguintes:

- O contratista está obrigado a cumprir as condicións de instalación que indique a empresa suministradora do suministro eléctrico no expediente correspondente (Unión Fenosa nº 248412080166) aberto para o suministro do C.T. proxectado, esta obriga ten o carácter de obriga contractual esencial.

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo, esta obriga ten o carácter de obriga contractual esencial cos efectos previstos no artigo 64.2 do TRLCSP;

— Gastos exixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do TRLCSP, para os supostos de subcontratación.

— Obrigacións laborais e sociais. O contratista está obrigado ó cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de prevención de riscos laborais.

— Sinalización das obras. O contratista está obrigado a instalar a súa costa, as sinalizacións precisas para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posible perigo debidos á marcha de aqueles, tanto en dita zona como nos seus lindes e inmediacións.

— O contratista deberá cumprir-las previsións recollidas no Plan de Seguridade e Saude no Traballo.

- Así mesmo o contratista instalará, a súa costa, os carteis de identificación da obra, coas características que se establezan pola Administración e á orde que regula á subvención concedida para parques empresariais, os cuales serán retirados polo contratista unha vez recibida formalmente a obra pola Administración.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Plan de Seguridade e Saude no Traballo

Formalizado o contrato o adxudicatario elaborará un **Plan de Seguridade e Saude no Traballo** da Obra, axustado ó Estudio de Seguridade e Saude do Proxecto, no que se analicen, estudien, desenrolen e complementen as previsións contidas en estos.

En dito Plan incluíranse, no seu caso, as propostas de medidas alternativas de prevención que o Contratista propoña coa correspondente xustificación técnica, que non poderán implicar diminución do nivel de protección previsto no Estudio.

O Plan será aprobado polo Concello, antes do inicio da obra, previo informe do Coordinador en materia de seguridade e saude ou da Dirección facultativa da Obra, se non fora preceptivo designar Coordinador, e comunicarse á Autoridade Laboral. Efectuado este trámite procederase ó acta de replanteo e inicio da obra.

O contratista presentara tres (3) exemplares do plano de seguridade e saúde. O cuarto (4) exemplar debe quedar en poder do adxudicatario e estar na obra ó dispor da dirección técnica, e nomeara responsable de seguridade e saúde, representante da empresa.

CLÁUSULA VIXESIMA. Revisión de Prezos

Non se prevé revisión de prezos.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA . Recepción e Prazo de Garantía

Rematada a obra procederase a verificar a correcta execución da actuación con presenza do director facultativo da obra, do contratista e dun técnico designado pola Administración, que actuará en representación desta, estendéndose a correspondente acta.

No suposto de que a obra estivese executada correctamente, estenderase acta positiva tendo por recibida a obra, comezando a computarse desde a data de levantamento de dita acta o **prazo de garantía, que será de un ano.**

Dentro do prazo de quince días anteriores ó cumprimento do prazo de garantía, o director facultativo da obra, de oficio ou a instancia do contratista, redactará un informe sobre o estado das obras. Se éste fora favorable, o contratista quedará relevado de toda

responsabilidade, salvo responsabilidade por vicios ocultos, procedéndose á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ó pago das obrigacións pendentes. No caso de que o informe non fora favorable e os defectos observados deberanse a deficiencias na execución da obra e non o uso do construído, durante o prazo de garantía, o director facultativo dictará as oportunas instrucións ó contratista para a debida reparación do construído, concedéndolle un prazo para elo durante o cal continuará encargado da conservación das obras, sen dereito a percibir cantidade algunha pola ampliación do prazo de garantía.

Se a obra arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ó incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá éste dos danos e prexuízos que se manifesten durante un prazo de quince anos a contar dende a recepción.

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Execución do Contrato

Os suministros-obras executaranse con estricta suxección ás estipulacións contidas no presente **Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e ó proxecto** que serve de base ó contrato e conforme ás instrucións que en interpretación técnica de éste deran ó contratista o Director facultativo das obras.

O contratista deberá cumprir as especificacións técnicas que sexan sinaladas e esixidas pola empresa suministradora do suministro eléctrico (Unión Fenosa).

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais suliñados para a súa execución sucesiva.

A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.

A maquinaria utilizada polo contratista na execución da obra deberá estar en posesión do certificado de posta en conformidade, expedido polo organismo competente, en cumprimento do disposto no RD 1.215/1997, do 18 de xullo, configurándose esta obrigación como condición especial de execución do contrato con natureza de obrigación contractual esencial. Os directores técnicos e o servizo de seguridade e saúde, poderán exisir do adxudicatario a exhibición de ditos certificados durante todo o prazo de execución da obra.

CLÁUSULA VIXESIMO TERCEIRA. Modificación do Contrato

Se rexerá polo establecido nos artigos 219, 234 e 296 TRLCSP

Serán **obligatorias para o contratista as modificacións que se deriven de especificacións técnicas** que sexan sinaladas e esixidas pola empresa suministradora do suministro eléctrico (Fenosa).

CLÁUSULA VIXESIMO CUARTA. Penalidades por Incumprimento

- Cando o contratista, por causa imputables ó mesmo, incorrese en **mora respecto ó cumprimento do prazo** total ou parciais, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias previstas na lexislación vixente, de conformidade co disposto nos artigo 212.4 do TRLCSP.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, incumprise a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumprise a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso ou incumprise calquera das outras condicións especiais de execución do contrato sinaladas neste prego, imporanse penalidades proporcionais á gravidade do incumprimento e a súa contía non poderá ser superior ao 10% do orzamento do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato se se designou, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, no seu caso, fose constituída, cando non poidan deducirse das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXESIMO QUINTA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos casos que se sinalan neste **Prego e nos fixados nos artigos 223, 229 e 237 do TRLCSP**; e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautarase a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

CLÁUSULA VIXESIMO SEXTA. Réximen Xurídico do Contrato

Este contrato ten **carácter administrativo** e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste Prego, e para o non previsto nel, será de aplicación o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, e o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas en todo o que non se opoña ao Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro e estea vixente tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado

A Orde Xurisdiccional Contencioso-Administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes no presente contrato de conformidade co disposto no artigo 21.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro

Vilar de Santos, 12 de Setembro de 2012

O Alcalde,

Asdo. : Xoán Xosé Jardón Pedras